

# O COIDADO DAS PERSOAS MAIORES NA PROVINCIA DE LUGO: A PEQUENA ESCALA

---

SAGRARIO FERNÁNDEZ MÉNDEZ  
*Traballadora Social*

## RESUMO

Os coidados son fundamentais para soste a vida, pois todas as persoas pasamos por fases de vulnerabilidade nas que non poderíamos sobrevivir sen coidados. A noción de “ética do coidado” acuñada por Carol Gilligan (1982) experimentou unha presenza crecente nos campos da bioética e ata no pensamento filosófico que se plasma, por exemplo, na creación en 2008 da revista especializada *Ética dos coidados*. Ademais dunha dimensión ligada á supervivencia individual, a prestación de coidados xoga un papel esencial na ordenación e estruturación da sociedade.

Diversas circunstancias —aumento da esperanza de vida, caída da natalidade, emigración de poboación nova— confluíron para producir no noso contexto un cambio claro na estrutura da poboación, cun incremento notable da poboación maior. A iso súmanse novas estruturas e dinámicas afastadas da cultura dos coidados. A lóxica mercantilista que rexe a prestación dos coidados dálle prioridade ao beneficio económico e supedita a el a calidade da vida das persoas ou a equidade de xénero.

A planificación dos servizos debe facerse dun modo contextualizado. Por esta razón, neste traballo escóllese un contexto xeográfico preciso, a provincia de Lugo. Tras a análise exhaustiva dos recursos existentes dirixidos ás persoas maiores avalíase a situación e propóñense estratexias que permitan

asentar un novo modelo de cuidados baseado na proximidade e socialización dos mesmos.

## **PALABRAS CLAVE**

Cuidados, maiores, comunidade, vivenda, vínculos

## **RESUMEN**

Los cuidados son fundamentales para sostener la vida, pues todas las personas pasamos por fases de vulnerabilidad en las que no podríamos sobrevivir sin cuidados. La noción de “ética del cuidado” acuñada por Carol Gilligan (1982) experimentó una presencia creciente en los campos de la bioética e incluso en el pensamiento filosófico que se plasma, por ejemplo, en la creación en 2008 de la revista especializada Ética de los cuidados. Además de una dimensión ligada a la supervivencia individual, la prestación de cuidados juega un papel esencial en la ordenación y estructuración de la sociedad.

Diversas circunstancias -aumento de la esperanza de vida, caída de la natalidad, emigración de población joven- confluyeron para producir en nuestro contexto un cambio evidente en la estructura de la población, con un incremento notable de la población mayor. A eso se suman nuevas estructuras y dinámicas alejadas de la cultura de los cuidados. La lógica mercantilista que rige la prestación de los cuidados prioriza el beneficio económico y supedita a él la calidad de vida de las personas o la equidad de género.

La planificación de los servicios debe hacerse de un modo contextualizado. Por esta razón, en este trabajo se escoge un contexto geográfico preciso, la provincia de Lugo. Tras el análisis exhaustivo de los recursos existentes dirigidos a las personas mayores se evalúa la situación y se proponen estrategias que permitan asentar un nuevo modelo de cuidados basado en la cercanía y socialización de los mismos.

## **PALABRAS CLAVE**

Cuidados, territorio, comunidad, vivienda, vínculos

## **SUMMARY**

Care is essential to sustain life, since all people go through phases of vulnerability in which they could not survive without care. The notion of

“ethics of care” coined by Carol Gilligan (1982) experienced a growth in the fields of bioethics and even in philosophical thought, which is reflected, for example, in the creation in 2008 of the specialized journal *Ethics of care*. In addition to a dimension linked to individual survival, the provision of care plays an essential role in the organization and structuring of society.

Various circumstances—an increase in life expectancy, a fall in the birth rate, emigration of young people—converged to produce an increase in the elderly population and a clear aging of the population pyramid. In addition, there came into play new structures and dynamics far removed from the culture of care. The mercantilist logic that governs the provision of care prioritizes economic benefit and subordinates the quality of life or gender issues to it.

Services must be planned in a contextualized way. For this reason, in this work a precise geographical context is chosen, the province of Lugo. After an exhaustive analysis of the existing resources aimed at the elderly, the situation is evaluated and strategies are proposed so that a new model of care based on proximity and socialization might be established.

## **KEYWORDS**

Creater, territory, community, housing, ties

## **INTRODUCCIÓN**

No meu traballo diario no hospital de Lugo veño tramitando de catro a cinco ingresos mensuais en centros residenciais a igual que as miñas cinco compañeiras. Mediante as entrevistas podemos observar como case ningunha persoa das que van a unha residencia desexan facelo. A resposta desas persoas é que queren seguir no seu domicilio ou como moito na súa contorna.

As persoas maiores precisan, a medida que avanza a idade, de espazos e contornas facilmente recoñecibles. Tamén precisan de persoas que recoñezan e teñan en conta a súa experiencia de vida para desta maneira poder preservar a súa identidade e reforzar o recoñecemento. A idea deste traballo é facer un mapa de recursos acompañado de propostas que poderían orientar a reorganización dos recursos existentes así como a creación de novos programas e servizos que teñen como eixe vertebrador a pequena escala do territorio e os coidados baseados na persoa.


## 1. ALOXAMENTOS ALTERNATIVOS DE CONVIVENCIA NA PROVINCIA DE LUGO

A Orde do 13 de abril de 2007 pola que se modifica a do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores, distingue entre as seguintes modalidades de aloxamento e/ou convivencia:

- a) Residencias.
- a) Fogares.
- b) Vivendas comunitarias.
- c) Apartamentos tutelados.
- d) Centros de día.
- e) Fogares e clubs.


Para analizar as prazas existentes na provincia de Lugo tivéronse en conta as prazas existentes no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS), así como a cociente de prazas recomendada pola ONU, de 5 prazas por cada 100 habitantes.

En primeiro lugar realízase unha valoración das prazas existentes en toda a provincia así como das súas modalidades para pasar a realizar a un análise de contidos e propostas. Resaltar que ao longo do traballo, o feito de dicir que se precisan máis prazas non significa que se teñan que ofertar, senón que é necesario crear alternativas de coidados.



**Figura 1: Recursos públicos de convivencia. Datos de xaneiro do 2020. Elaboración propia a partir de datos do RUEPSS da Xunta**

No anterior mapa vemos onde están situadas o total de prazas públicas procedentes das distintas administracións. Pódese observar a primeira ollada como a maioría das prazas atópanse situadas, por norma xeral, nas entidades de maior tamaño de poboación. Obsérvase, así mesmo, que as zonas límites do oriente e occidente da provincia carecen de recursos ata chegar ao Norte ou ao Sur. Chama a atención que sexan xusto as zonas máis illadas e con maiores problemas de comunicación as que non dispoñan de ningún recurso alternativo de convivencia (comarca de Cervantes e O Caurel). Tamén se dá esta ausencia de prazas na zona centro, como Concello de Sarria, Triacastela, O Páramo e Portomarín. Aínda que Abadín, Muras e Mondoñedo tampouco teñen prazas, esta situación tentase resolver parcialmente coas prazas de Riotorto, A Pastoriza e Vilalba, aínda que non se pode cualificar como suficiente esta cobertura.



**Figura 2: Recursos privados de convivencia. Datos de xaneiro do 2020. Elaboración propia a partir de datos do RUEPSS da Xunta.**


En canto á zona occidental da provincia de Lugo, non se pode dicir que haxa problemas de comunicación e de accesos, pero si hai distancias medias bastante significativas entre os núcleos de poboación que impiden unha boa ou intensa comunicación, polo que se fai evidente a falta deste tipo de recursos (Concellos de Meira, Xermade, Guitiriz e Palas de Rei).

A unha primeira ollada aos gráficos 1 e 2, pode dar a impresión de que hai máis prazas públicas que privadas, pero se nos fixamos, os círculos de maior número de prazas aparecen no mapa de prazas privadas. Isto quere dicir, en primeiro lugar, que as residencias privadas tenden cara a un maior tamaño,

o que se pode entender por criterios de rendibilidade, e en segundo lugar que hai máis prazas de recursos privadas que públicas. Incluso os círculos poderían ser máis grandes se se sumasen as prazas que son financiadas nas devanditas residencias privadas. De feito hai 2.155 prazas privadas fronte a 1.935 prazas públicas (Administración local e autonómica).

Subliñar que no medio rural no que respecta aos recursos privados, son pequenas empresas familiares as que crean recursos deste tipo salvo pequenas excepcións como Láncara e Outeiro de Rei, non sendo así nas vilas e cidades na que a maioría das prazas acostuman a ser iniciativas procedentes de fondos de investimento. En cambio as vivendas comunitarias, pisos tutelados e pequenas residencias encóntranse situadas en pequenos núcleos de poboación e concellos como A Fonsagrada, Ribadeo, Samos, A Pontenova e Becerreá e son exemplos de pequenos investimentos familiares. Como exemplo das grandes residencias e investimento temos Viveiro (Domusvi 150 prazas), Monforte (Domusvi 180 prazas), Chantada (Domusvi 122 prazas) e Vilalba (160 prazas dunha iniciativa social), Lugo (Orpea 200 prazas e Albertia con 191 prazas).

Como pode comprobarse no seguinte mapa, a cobertura de prazas propias da Xunta en toda a provincia, é moi escasa (756 prazas).




*Figura 3: Recursos públicos (Xunta) de convivencia. Datos de xaneiro do 2020. Elaboración propia a partir de datos do RUEPSS da Xunta*

Por outra parte, descoñécense as razóns ou os criterios empregados pola Administración da Xunta para a creación de residencias de gran tamaño en lugares como Castro Ribeiras de Lea ou Quiroga. Así como tamén se desco-


ñecen os motivos dan non existencia de recursos en entidades importantes de poboación como Sarria, Vilalba, Friol, Guitiriz, Cervantes etc.

Quizais a escaseza de prazas públicas propias de Xunta e o contacto directos coas necesidade das persoas, foi a razón que levou a Administración local a implicarse coa creación de prazas pese a non ter competencias, como se pode ver na seguinte gráfica, nas localidade de Trabada, Fonsagrada, Castro Verde, Samos, Pol, Paradela, Trabada, Ribadeo, Foz e Cervo. As únicas excepcións son as prazas de Antas de Ulla, Baleira, Alfoz, Riotorto e A Pontenova que corresponden á Xunta. Estas tres últimas creadas polo Consorcio Galego de Servizos sociais no 2007.



*Figura 4: Recursos públicos (Administración local) de convivencia. Datos de xaneiro do 2020. Elaboración propia a partir de datos do RUEPSS da Xunta*

Pódese observar no seguinte gráfico como as prazas financiadas, que exceden en número ás propias da Xunta (837 fronte a 756), coinciden ou están localizadas dentro das residencias privadas, que por regra xeral seguen como criterio para a súa creación o emprazamento en entidades de poboación de maior tamaño. A Administración da Xunta tenta así darlle cumprimento ao principio de equidade e equilibrio territorial do Artigo 4 da Lei de servizos sociais de Galicia a través do financiamento de prazas en residencias privadas. Malia ser así, o devandito principio dista moito de cumprirse e é unha materia pendente no mapa de servizos sociais da provincia de Lugo, pois estas prazas atópanse polo xeral localizadas en cidades e nos núcleos de poboación de maior tamaño, lonxe do medio de vida das persoas.



*Figura 5: Recursos públicos (financiados por A Xunta) de convivencia. Datos de xaneiro do 2020. Elaboración propia a partir de datos do RUEPSS da Xunta.*

Na provincial de Lugo existen un total de 2.155 prazas privadas. Sumando as 756 propias da Xunta e ás 837 prazas financiadas, alcázase un total de 1.593 prazas públicas da Xunta. Se a estas lles sumamos as da Administración local, a cifra total de prazas públicas é de 1.935. En termos porcentuais, o 52,6 % das prazas na provincia de Lugo son privadas, o 8,3 % corresponden á Administración local, o 20,4 % son financiadas pola Xunta en residencias privadas, e só un 18,4 % son propias da Xunta. Pódese afirmar entón con rotundidade que, quen decide onde se crean prazas públicas son en xeral as residencias privadas, e dados os datos xerais, tamén equivale a dicir que quen decide onde e como se coída é o investimento privado. Dicir tamén que esta situación vai máis aló do investimento privado, pois as propietarias das residencias de gran tamaño non son pequenas familias vinculadas á localidade onde se asentan, senón fondos de investimento que o fin principal é o lucro e así está rexistrado no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia.

Deste xeito, segundo o cociente de prazas recomendada pola ONU, sumando as prazas públicas nas súas distintas modalidades, sería necesaria a creación de 2.856,55 prazas na provincia de Lugo, ademais das xa existentes. Aínda considerando as residencias privadas, farían falta 701,55 prazas. Parece, pois, á vista dos datos demográficos, que o problema só acaba de empezar, sobre todo nas pequenas entidades de poboación.






Figura 6: Total prazas públicas provincia de Lugo. Elaboración propia a partir de datos do RUEPSS da Xunta xaneiro do 2020

Nas comarcas nas que é necesario crear máis prazas son Lugo, Terra Chá, Monforte e A Mariña central seguidas de Sarria e a A Mariña Occidental segundo a poboación maior de 65 anos. Dito doutra forma, só comarcas como Quiroga, Meira, A Fonsagrada e Chantada son as que está preto de conseguir o cociente de prazas recomendada pola ONU. É Lugo a entidade de poboación con máis necesidade de prazas con respecto a toda a toda a provincia.

## 2. TIPOLOXÍA DE PRAZAS

A Administración da Xunta aposta fundamentalmente por servizos de residencias como recurso para o coidado das persoas maiores, fronte a dispositivos de menor tamaño como os pisos tutelados e as vivendas comunitarias e fogares, que xeralmente están situados en entidades de poboación




Figura 7: Tipoloxía de prazas da Xunta na provincia de Lugo (propias e financiadas). Elaboración propia a partir de datos do RUEPSS da Xunta. Datos xaneiro 2020

Así é que só temos en toda a provincial (prazas públicas das distintas administracións) 33 prazas de pisos tutelados e 111 de vivendas comunitarias, fronte ás 1.789 prazas de residencias. Con todo, este tipo de recursos serían idóneos para un contexto como o galego, dada a dispersión da poboación, a cantidade de pequenos núcleos e o volume de xente maior que vive neles.

## 2.1. RESIDENCIAS

Como xa se viu, as residencias constitúen o modelo predominante na oferta de prazas públicas con diferenza. Temos un total de 662 prazas públicas propias da Xunta, 837 financiadas pola Xunta e 290 da administración local. Como vemos a Administración autonómica aposta máis por un modelo de prazas financiado en residencias privadas que pola creación de prazas propias. Á parte tamén se pode constatar como a maior parte destas prazas están situadas en residencias de gran tamaño, como Domusvi en Viveiro con 150 prazas todas elas financiadas, a mesma empresa en Lugo con 37 financiadas das 192 prazas existentes, Orpea con 37 prazas financiadas das 200 prazas existentes, ou Monforte coas 180 prazas financiadas.

## 2.2. PISOS TUTELADOS

A normativa que regula estes tipos de centros vén recollida no artigo 2 da Orde 18 de abril de 1996<sup>1</sup> que na que define este tipo de servizos: “Apartamentos tutelados. Conxunto de vivendas independentes, agrupadas para a prestación en común de servizos colectivos, e con capacidade para albergar a unha ou a dúas persoas cun alto grao de autonomía. Este sistema de aloxamento pretende potenciar a autonomía e o dereito á intimidade dos seus usuarios garantíndolles ao mesmo tempo a seguridade e seguimento periódico da súa situación”.

Os servizos de pisos tutelados constitúe unha boa alternativa para aquelas persoas que son que se valen por si mesmas ou precisan de pequenos apoios para as actividades básicas da vida diaria que por razóns de soidade, de vivenda ou outras inclínanse por este tipo de recursos. É un recurso moi interesante e necesarios sobre todo para o medio rural onde máis acusada se fan as situacións de soidade debido ao despoboamento. Ademais resultan perfectamente asumibles polas entidades públicas.

A Administración autonómica apenas aposta por este servizo, son moi escasos e atópanse fundamentalmente en mans privadas, contan con só 16 prazas en pisos tutelados da Xunta en Antas de Ulla e 18 prazas da Administración local en Samos, para toda a provincia. Este recurso si que parece máis atractivo para a iniciativa privada, que achega 186 prazas situadas en pequenas entidades de poboación ademais das creadas por entidades de tipo relixioso como a Fundación San Rosendo (Xove, Valadouro, Taboada, O Incio, A Pastoriza e Baralla).

<sup>1</sup> <https://politicassocial.xunta.gal/es/conselleria/normativa/orde-do-18-de-abril-de-1996-pola-que-se-desenvolve-o-decreto-2431995-de-28>

### 2.3. VIVENDAS COMUNITARIAS/FOGARES

As vivendas comunitarias “son equipos de pequeno ou mediano tamaño destinados a albergar en réxime de convivencia case familiar a un número máximo de 12 persoas que, sendo autónomas ou tendo unha dependencia moderada do grao I, niveis 1 e 2, non presenten graves problemas de mobilidade” segundo a Orde do 20 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996, relativa á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores<sup>2</sup>.

Vemos como a iniciativa privada é a que máis prazas crea de vivendas comunitarias. As prazas financiadas desaparecen nestas modalidades, xa que adoitan ser recursos de menor tamaño que non resultan atractivas para os fondos de investimento. En cambio si crece a aposta da Administración local por este tipo de servizos tan importantes que poden darlle saída aos graos I e incluso II de dependencia nos que si se poderían ter en conta os desexos e necesidades individuais das persoas maiores e en resumidas contas, esta atención individualizada e personalizada tan evocada dende os principios do traballo social. A isto súmase que as coidadoras adoitan ser persoas fixas e da zona, mentres que nas residencias de gran tamaño, o persoal laboral é a miúdo temporal ou chega mesmo a cubrirse con persoal contratado con servizos de canguros como xa sucedeu en ocasións.

Como resumo pódese concluír que o deseño do modelo de coidados actual esqueceu o medio rural e as persoas que viven nel e que no caso de necesidade, foron obrigadas a abandonar o seu medio de vida e de relación precisamente no momento de maior vulnerabilidade da súa vida.

Nos últimos tempos estase poñendo o foco de atención no debate sobre os coidados: partindo da base de que a humanización debe ser un dos principios básicos na creación de recursos e a súa xestión, poderíase cuestionar se as residencias de medio e gran tamaño cumpren na súa maioría con este requisito. A propia directora xeral do IMSERSO, Carmen Orde, explica: “Preto de dous millóns de persoas maiores de 65 anos que viven soas en España non son as únicas que senten a soidade por vivir sen compañía, pois «tú podes estar vivindo en una residencia rodeado de gente pero, en realidade, estar máis solo que la una». E anunciaba unha estratexia Nacional contra a soidade centrada nos servizos de proximidade como unha das medidas para evitar a soidade<sup>3</sup>.

<sup>2</sup> <https://politicasocial.xunta.gal/es/conselleria/normativa/orde-de-20-de-xullo-de-2010-pola-que-se-modifica-a-orde-do-18-de-abril-deGalicia>

<sup>3</sup> [https://www.abc.eres/familia/mayores/abci-soledad-viven-personas-mayores-tipo-maltrato-201811291712\\_noticia.html](https://www.abc.eres/familia/mayores/abci-soledad-viven-personas-mayores-tipo-maltrato-201811291712_noticia.html)

Unha das circunstancias máis dramáticas que viven as persoas prodúcese cando abandonan o domicilio, especialmente se o fan para ir a unha residencia de gran tamaño onde o contacto humano moitas veces se perde debido ao réxime hospitalario ou militar, por ser totalmente imposible atender as demandas, desexos e preferencias individuais.

Non tanto, e malia a que dos recursos actuais os que realmente presentan unha alternativa ás residencias é a axuda no fogar e os centros de día vemos como as horas adxudicadas resultan insuficientes para determinados colectivos e patoloxías e outra veces non chegan a tempo. Tamén vimos como como aínda recoñecido o dereito non se pode facer efectivo debido en concellos do rural por non dispoñer de persoas a quen contratar. Con respecto aos centros de día dicir que son escasos e que quedan amplas zonas do territorio sen a posibilidade de desfrutar dun CD no seu concello ou aínda que se sexa nun de proximidade. Así vense concellos como Navia de Suarna, Cervantes, Bóveda, Becerreá, Baralla, Láncara, Samos, Sarria, e O Incio sen centros de día. Non tanto para as persoas do Incio ou Bóveda, que aínda podería ir á Poboia de Brollón ou Paradela. Destacar a boa implantación deste recurso en comarcas da Terra Chá por parte da Xunta. Non obstante, quedan concellos como Muras, Xermade e Vilalba (esta última con 4.089 persoas maiores de 65 anos), que non teñen prazas.

Na Mariña hai un total de 235 prazas públicas en centros de día para as 19 169 persoas maiores de 65 anos. En Viveiro, Burela, Lourenzá e Ribadeo dispoñen de 140 prazas da Xunta e en Cervo, Foz e Trabada 85 da Administración local, así como 10 prazas financiadas en Mondoñedo.

Na zona Sur (Chantada, Quiroga e Monforte) hai 184 prazas públicas das distintas administracións para 17 350 persoas maiores de 65 anos.+++

En resumo, na provincia de Lugo só 9 concellos dos 67 da provincia decidiron dotar de prazas ao seu concello. En total hai na provincia 353 prazas pertencentes á Administración local e 514 á Xunta, ademais das 20 prazas financiadas, fronte a 770 prazas privadas. Ter en conta que en toda a provincia hai 95 831 habitantes maiores de 65 anos. Malia non ser determinantes estes datos para planificar servizos, entendendo que se debe realizar po comarcas, non deixa de dar unha visión xeral moi significativa a ter en conta xa como primicia.


### **3. O PARQUE DE VIVENDAS EN GALICIA COMO UN RECURSO PARA A CREACIÓN DE ALTERNATIVAS HABITACIONAIS**

Nun primeiro momento podería non parecer moi clara ou non ter moito sentido a relación entre o parque de vivendas e os coidados. Non así a relación

é estreita. De feito, a orixe deste traballo atópase xustamente nun estudo anterior sobre a vivenda.

Lugo é a provincia con máis vivenda baleira despois de Ourense, segundo o último censo do INE (2011)<sup>4</sup>. Amósase no gráfico a situación da vivenda baleira nas principais cidades da Comunidade Autónoma. De feito, tendo en conta a evolución da poboación, na maior parte dos municipios galegos empeza a exporse o problema da conservación e xestión deste patrimonio, o cal se prevese como un reto a curto prazo das distintas administracións galegas.

Hai que matizar que probablemente parte das vivendas baleiras que figuran como tal na costa de Lugo, sexan segundas vivendas ou estean dedicadas ao turismo. En todo caso o volume de vivenda baleira é, como no conxunto do territorio galego, considerable: En toda a provincia de Lugo hai 35.349 vivenda baleiras, 14.659 delas na capital da provincia. A taxa de vivenda baleira é especialmente rechamante nos concellos de Sarria, Monforte, Terra Cha, A Ulloa, Ancares, Chantada y Fonsagrada.



*Figura 8: Vivenda baleira nos 7 concellos máis poboados de Galicia (2011). Elaboración propia con datos del IGE*

Aínda que estes datos correspondan ao censo de 2011, a falta de datos actuais, a evolución nos anos transcorridos desde entón non apunta a un retroceso, senón a un incremento da taxa de vivenda baleira. Factores como o falecemento de persoas maiores en áreas especialmente envellecidas e a emigración de mozas, os desprazamento a áreas urbanas orixinou zonas de marcado despoboamento. Esta gráfica dá unha idea do gran patrimonio afectado que podería preservarse e ao mesmo tempo utilizarse en beneficio comunitario para crear vivendas alternativas de coidados.

A parte destes datos, resultan moi interesantes as propias características do parque de vivenda xa que poderían facilitar os distintos usos de vivenda compartida e distintas alternativas habitacionais:

A maior parte das vivendas gozan dunha superficie considerable pois segundo vemos na seguinte gráfica a maior parte teñen máis de 90m<sup>2</sup> e unha

<sup>4</sup> <https://www.ine.es/prensa/np775.pdf>

parte considerable teñen máis de 100m<sup>2</sup>. En concreto na provincia de Lugo existen 50.224 de máis de 100m<sup>2</sup>.




Figura 9: Superficie da vivendas na provincia de Lugo. Elaboración propia a partide de datos do INE 2011

Por outra parte tamén temos que o 80,06% das vivendas de Galicia dispoñen de 5 ou máis espazos (considerando como tales os superiores a catro metros cadrados); mentres que o 16,74% teñen 7 ou máis habitacións.

En contradición con estas características da vivenda, constátase unha tendencia crecente ao individualismo, pois case unha cuarta parte da poboación vive soa (22,8%), case un terzo dos fogares está habitado unicamente por dúas persoas (32,4%) e case unha cuarta parte por tres persoas (22,9%). Deste xeito, un parque de vivendas que foi concibido para familias extensas está a ser infrautilizado e presenta un potencial importante para a prestación de coidados e para a creación de recursos alternativos de convivencia como poden ser as vivendas colectivas na súas distintas variantes e en xeral na oferta de alternativas habitacionais. Lembrar que xa son moitos os exemplos en todo España de edificios e solares en cesión de uso por parte das administracións públicas a cooperativas que deciden envellecer baixo formulas colaborativas.

#### 4. ENVELLECIMENTO EN SOIDADE

Vicente Madoz ve a soidade como “convencemento apesadumbrado de estar excluído/excluído, de non ter acceso a ese mundo de interaccións, sendo unha condición de malestar emocional que xorde cando unha persoa sente incomprendida ou rexeitada por outros ou carece de compañía para as actividades desexadas, tanto físicas como intelectuais ou para lograr intimidade emocional”.

Tal como sinala Iglesias de Ussel, a soidade implica factores persoais, familiares e sociais. O 28,8% das mulleres maiores e o 14,7% dos homes maiores vive en soidade no noso país. Esta é unha das conclusións do informe “Un perfil de las persoas mayores en España, 2018”<sup>5</sup>.

En Galicia o despoboamento e o envellecemento é un feito. Estas dúas circunstancias, por si soas, evidencian un estado preocupante para o sistema de coidados e tamén para o benestar emocional e físico das persoas maiores e sobre todo das persoas dependentes. A caída da natalidade tamén é un feito: prodúcense 1.25 nacementos por muller e hai o dobre de mortes que de nacementos. Un dato ilustrativo do IGE na súa análise de datos referidos a 2018: Producíronse 1.959 nacementos fronte a 5.085 falecementos.

Os concellos co índice de envellecemento máis alto son Navia de Suarna e Pedrafita do Cebreiro seguidos por Ribeira de Piquín, Folgoso do Caurel e Samos, seguidos de A Fonsagrada, Ourense, Abadín, Muras, Pantón e Pobo de Brollón. Os concellos que gañan en sobreenvellecemento son Nequeira de Muñiz e Quiroga seguidos por Triacastela, Ribeira de Piquín e Xermade. Non son uns datos conclusivos sobre que tipos de servizos precisan estes concellos, pero si é un indicar a ter en conta debido á falta de apoios social e/ou familiar e dende logo unha tendencia, un dato que está avisando que nestes concellos non vai ser doado atopar a quen coide.

A evolución da pirámide poboación, cada vez máis investida, afecta especialmente o medio rural, onde se ve como ano tras ano van quedando casas baleiras e mesmo núcleos de poboación enteiramente abandonados. A situación é tan dramática para os nosos maiores que neste contexto están a darse situacións nas que aínda que a axuda no fogar estea aprobada non pode facerse efectiva ao non haber persoas ás que contratar para desempeñar o devandito traballo. Como traballadora social do Hospital de Lugo constato a miúdo esta situación que se dá cada vez con máis frecuencia nos concellos rurais da provincia. Por este motivo, o desenvolvemento de servizos de coidados no medio rural está a resultar custoso e ás veces imposible de levar a cabo co modelo actual, polo que se pon de manifesto a necesidade de planificar outro tipo de servizos que eviten situacións de soidade e de necesidades extremas. Outra circunstancia que se constata e que aínda non foi suficientemente estudada tanto no relativo á casuística como as súas consecuencias, son os desprazamento de persoas maiores cara ás cidades ou entidades de poboación maiores que as súas aldeas de asentamento, froito da ausencia de servizos de coidado.

Porén os estados de soidade e illamento non son privativos das aldeas, senón que afectan tamén as cidades. Segundo o INE o 12,16% de persoas maiores de 65 anos viven soas en Galicia e un 10,36% dos fogares están for-

<sup>5</sup> <http://envejecimiento.csic.es/documentos/documentos/enred-indicadoresbasicos18-v2.pdf>

mados por dúas persoas maiores de 65 anos. En Lugo as porcentaxes son do 13,79% e 10,24% respectivamente<sup>6</sup>.

## 5. SOCIEDADE DO INDIVIDUALISMO E A SOIDADE

Partindo dunha sociedade conformada por familias extensas e núcleos de poboación perfectamente estruturados, con redes formais e informais estables, pasouse a unha sociedade caracterizada polo individualismo, con modelos familiares e sociais complexos e diversos. A sociedade, cada vez máis illada, está a marcar unha nova forma de relacionarse e por tanto de atender ás necesidades sociais e esta evolución non parece que vaia a deterse nin moito menos a retroceder. Zygmunt Bauman (2000: 40) exprésao con contundencia: “LA individualización vino para quedarse”.

Adolfo Vázquez Rocca estuda as tendencia individualista e temporal das relacións humanas segundo Bauman<sup>7</sup>: “Se aborda el fenómeno del individualismo contemporáneo, las transformaciones de la intimidad y la fragilidad de los vínculos humanos. Se muestra cómo las sociedades telemáticas dan lugar a nuevas formas de fuga y ausencia del mundo, la un malestar cultural, donde hombres escindidos entre la agresión y el temor, experimentan derivas identitarias y zozobras existenciales ante la exacerbación de consumo, la alienación del trabajo y el terror difuso de las ciudades del pánico.”

Carolina do Olmo escribe: “Las paredes de nuestras casas son barreras débiles, incapaces de detener el torrente individualista posmoderno”. Segue na páxina 98: “Los cuidados fueron mercantilizados en el sentido más estricto de la palabra, pero también de forma indirecta orientando toda la vida de las personas hacia la producción”. “El modo de conciliación, a pesar de su nombre, no busca armonizar la vida familiar con la laboral, sino subordinar la primera a la segunda”. A mercantilización invadiu todas as esferas da vida, chegando tamén aos cuidados das persoas maiores, reducindo os espazos da corresponsabilidade e do social de maneira xeral

Tradicionalmente os cuidados recaeron nas mulleres; ningún outro traballo está tan feminizado como o dos cuidados e, posiblemente por iso, ningún se invisibiliza e infravalora en igual medida. Antes eran as mulleres as provedoras dos cuidados dunha forma directa, sen recoñecemento e sen remuneración. Agora, aínda que as mulleres seguen a cargo dos cuidados non profesionais, están a gañar terreo os cuidados indirectos, pero con contratos e condicións laborais precarios, a miúdo nun modelo de dobre xornada.

<sup>6</sup> <http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=991&paxina=001&c=0205002>

<sup>7</sup> Vazquez Rocca, Adolfo. <http://www.konvergencias.net/vasquezrocca168.pdf> :Konvergencias: Revista de Filosofía y Culturas en Diálogo, ISSN-e1669-9092, Nº. 17, 2008(Exemplar dedicado a: Ética: sus mundos, sus desafíos, sus sombras), páxs.122-130



Poderíase dicir entón que son modelos tendentes á mercantilización e por tanto á desvinculación dos coidados da esfera dos afectos, de modo que as necesidades de coidado tampouco están sendo satisfeitas polo mercado, que impón un sistema inhumano fundado nas residencias. Deste xeito prodúcese unha auténtica “crise dos coidados”, pois o cambio de paradigma foi brusco e está aínda en proceso de construción dunha alternativa.

As políticas de conciliación e de xénero deberían estar coordinadas e deseñarse para facilitar os coidados. Tanto a administración pública como as grandes empresas privadas deberían asumir políticas de conciliación e igualdade en aras dunha sociedade máis ética: liberdade de horarios para visitas médicas, dispoñibilidade de días ou mesmo facilidades para o teletraballo en caso de enfermidade dos proxenitores, garderías e CD preto dos traballos, etc. É necesario ter en conta que, na traxectoria vital é frecuente que coincida a crianza dos fillos co momento no que os proxenitores empezan a demandar coidados e isto, sumado aos longos e inflexibles horarios de traballo, xera verdadeiros problemas persoais e sociais pola tensión ao que se ven sometidas as persoas coidadoras.

Por todo iso, Carolina do Olmo detecta flagrantes contradicións no imaxinario social que rexe os coidados: entre a veneración nominal da figura da nai e a pouca valoración dos coidados; entre os discursos de defensa dos débiles e o desprezo cara á vulnerabilidade; entre a exaltación da independencia e a escravitude á que nos somete o ritmo de traballo.

Tanto nas zonas rurais como nas comunidades e os barrios víronse comprometidos os vínculos e as redes de apoio e, con eles, a propia cohesión social. Os vínculos son débiles e non dan consistencia ás necesidades de axuda e apoio á soidade e a satisfacción das necesidades contrátase con independencia das relacións de proximidade, de veciñanza, e por tanto dos vínculos efectivos.

No meu traballo diario como traballadora social, podo constatar como cada vez é máis frecuente que nos hospitais de Galicia ingresen persoas que estiveron horas tiradas no chan da súa casa sen que ninguén alertase da situación, chegando a producirse verdadeiros estados de dependencia. Tamén son cada vez máis frecuentes os casos de persoas que aparecen mortas nos seus domicilios despois de meses<sup>8</sup>. Non existen datos sobre estas situacións. Só a hemeroteca, a través das noticias de prensa<sup>9</sup> ou a demanda constatada a través dos servizos sociais permítenos intuír o tamaño da traxedia. Segun-

---

8 [https://www.lavozdegalicia.eres/noticia/galicia/2019/08/09/15-personas-fallecido-soledad-galicia-apenas-8-meses/0003\\_201908G9P7991.htm](https://www.lavozdegalicia.eres/noticia/galicia/2019/08/09/15-personas-fallecido-soledad-galicia-apenas-8-meses/0003_201908G9P7991.htm)

9 [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2019/08/09/15-personas-fallecido-soledad-galicia-apenas-8-meses/0003\\_201908G9P7991.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2019/08/09/15-personas-fallecido-soledad-galicia-apenas-8-meses/0003_201908G9P7991.htm)

do os datos do Imelga<sup>10</sup> “Os homes suicídanse máis que as mulleres. Esa é unha evidencia, con independencia da zona xeográfica que se observe. Lugo non é unha excepción. Pero, ademais, conta con outra peculiaridade: son homes maiores os que se quitan a vida con máis frecuencia. Das 54 mortes por suicidio contabilizadas polo Imelga este ano, practicamente a metade foron de homes maiores de 65, moitos deles anciáns e mesmo dous deles que superaban amplamente os 90 ”.

## 6. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS

O modelo actual de coidados na provincia de Lugo aséntase fundamentalmente en residencias de grande tamaño, o que trae consigo a deslocalización das persoas do seu medio de vida e socialización. Pola contra, os servizos e recursos que manteñen ás persoas no seu medio de vida, tales como a axuda no fogar, os centros de día ou mesmo os pisos tutelados e as vivendas comunitarias son escasos ou non chegan ás persoas a tempo pola súa escaseza e pola tardanza en facerse efectivo o recoñecemento dos dereitos. A forte aposta polas residencias de grande tamaño por parte da administración autonómica vai en detrimento doutro tipo de recursos de proximidade que manteñen ás persoas no seu medio de vida. Por riba, os coidados nas devanditas institucións distan de estar centrados nas persoas, pois é totalmente imposible que se poidan ter en conta os desexos e necesidades de cada usuaria, xa que suporía un enorme esforzo orzamentario que non daría lugar a rendementos económicos. Cómpre ter en conta dúas circunstancias: por unha banda, a maior parte das persoas das residencias son dependentes, polo que se require un investimento elevado sobre todo en persoal especializado; por outra, as pensións en Galicia son das máis baixas do estado. É necesario salientar que precisamente estas persoas son as que máis precisan tanto de contornas facilmente recoñecibles como de contactos directos e que conecten coa súa experiencia de vida. En países coma Dinamarca xa no ano 1988 se prohibiu un modelo de residencias de grande tamaño semellante ao que impera en Galicia. Dende aquela os proxectos en Dinamarca pasaron por construír e rehabilitar vivendas, modificar as existentes en apartamentos de pequeno tamaño que permite a prestación diversificada de servizos, e sobre todo orientáronse a intentar manter ás persoas maiores o máximo tempo posible nos seus fogares. Deste xeito, a axuda no fogar foi o principal servizo provisto aos maiores. Incluíanse xa todos os servizos que implica a axuda no fogar en España, pero a maiores xa consideraban coidados de noite así como unha visita anual a todas as persoas maiores de 75 anos e coidados de noite, de forma que os servizos proporciónanse en función das necesidades e discapacidades. Ademais se hai que facer reformas na vivenda son os concello o que se encargan a petición da persoa. Se as obras son

<sup>10</sup> <https://www.elprogreso.eres/articulo/lugo/salto-la-una-se-gunda-vida/201911171801151407876.html>

maiores e implican que a vivenda aumente o prezo, existe a posibilidade pedir préstamo con forte axuda pública. Se a obra é moi grande, ofrécese a posibilidade de traslado a outra vivenda adaptada. Os distintos modelos vense compensados e reforzados polos servizos sociais e caracterízanse pola descentralización, a diferenciación da oferta e a individualización dos servizos. En definitiva, trátase dun modelo baseado na persoa notablemente distanciada do modelo galego. Pódese dicir daquela que Dinamarca apostou por modelos de proximidade e de vivenda. Xa na altura de 1930 o Concello de Copenhague construíu 6000 vivendas para persoas maiores.

Unha análise dos recursos persoais, sociais e instrumentais do noso contexto pon de relevo a escasa diversificación de recursos para as persoas maiores. Á hora de planificar os recursos tense escasamente en conta o territorio e ignóranse as comarcas como entes territoriais provistas de contido. As entidades locais, e máis concretamente os servizos sociais comunitarios, sufriron unha perda de persoal e programas que vai en detrimento da boa atención e desenvolvemento de servizos que poñan en valor a comunidade, esa rede social que sempre foi o que máis amparou e protexeu ás persoas. A planificación de servizos faise dende instancias superiores que non teñen en conta ás persoas usuarias nin ás profesionais.

De todo o analizado podemos extraer, a modo de conclusión, unha serie de propostas que permitirían optimizar os recursos dispoñibles e mellorar a prestación de coidados, tendo como premisa que sempre e en todo o territorio, para evitar o desarraigo, deben priorizarse os servizos de axuda no fogar, así como aqueles recursos que promovan a permanencia das persoas no seu domicilio e medio social de vida, fronte aos centros, especialmente cando implican un afastamento ou cambio de localidade:

- As prazas de residencia resultan insuficientes, pero ademais a súa tipoloxía revélase pouco adecuada á luz das circunstancias vividas coa pandemia e o cambio de paradigma social que demanda outros modelos de coidados. Por este motivo, recoméndase a conversión das grandes residencias, tanto públicas coma privadas, en apartamentos de 8-12 persoas afastados do modelo hospitalario actual. Cómpre considerar ademais que este tipo de macroresidencias, na meirande parte, se atopan afastadas en áreas periurbanas que dificulta o acceso das persoas ao goce da cidade. A este respecto cómpre reparar en que as persoas maiores tenden a buscar espazos onde poidan ver xente pasar, ter contacto humano, espazos tranquilos pero socializados. Polo tanto, a inclusión dos servizos e recursos destinados a maiores debe facerse dentro da cidade, promovendo a súa integración e tamén a participación nas dinámicas sociais. Pola súa parte, a arquitectura das grandes residencias adoita estar moi afastada do que precisan as persoas maiores, pois caracterízanse por espazos grandes, carentes de personalidade,

sen límites adecuados nas dimensións e sen a intimidade que precisan moitas veces cando a familia ou amizades as visitan.

- No que atinxe aos emprazamentos cómpre crear recursos alternativos de convivencia en comarcas onde non os hai, malia contar cun elevado número de persoas maiores ou estar marcadas pola dispersión e afastamento de recursos, como poden ser Sarria, Becerreá, Pedrafita, Caurel, Friol, ou Vilalba, que só ten 24 prazas financiadas.
- En relación aos centros de día, urxe crear máis prazas, sobre todo nas vilas e na propia cidade de Lugo, tendo en conta a poboación maior de 65 anos de cada comarca ou entidade de poboación onde se decida actuar. Cómpre subliñar a necesidade de especialización dos centros de día nas diferentes discapacidades ou necesidades da poboación e contar coa participación da comunidade e os propios recursos da zona.
- Con respecto aos programas de axuda no fogar sería necesario duplicar o investimento e diversificar a súa oferta. Resulta fundamental axilizar a prestación do dereito, así como aumentar o número de horas a determinados colectivos como os que padecen dano cerebral adquirido, cancro en estadio 4, esclerose múltiple, así como a outros con patoloxías graves que non agardan, e particularmente, ás persoas con algún grao de dependencia e falta de apoio familiar e/ou social. O actual deseño do programa, de escasa intensidade e lastrado polo proceso de valoración e recoñecemento do grao de dependencia no que se prescinde da valoración social, non garante que as persoas poidan permanecer no seu domicilio: Tende a chegar tarde e cando finalmente chega non se presta dunha forma equitativa. A insuficiencia de horas da Lei da dependencia achega máis a prestación ao que poderíamos considerar medidas de conciliación ca a auténticas axudas á dependencia. O programa debería así mesmo diversificarse, adaptándose aos contextos, de xeito que nas cidades poderían propoñerse servizos de axuda no fogar colectivizados, xa sexa en domicilios propios ou noutros que fosen creados con esta finalidade. Cómpre considerar así mesmo a posibilidade de ofertar este servizo dende os centros residenciais que están emprazados nos centros urbanos, externalizando e ampliando así a función pública cara fóra, cara á cidade e ás persoas. Estas medidas farían das residencias uns centros dotados duns valores de integración máis altos, onde as persoas de dentro poderían establecer comunicación e vínculos con persoas externas e ao revés. A mesma situación podería darse cos servizos de lavandería.
- Onde non sexa posible crear centros de día ou centros de convivencia, como pode acontecer nalgúns concellos pequenos sobre todo da montaña luguesa e concellos do interior a solución dos problemas ha de ser contextualizada, así hai zonas de montaña na provincia de Lugo nas que

un centro de día non sería un recurso adecuado, dadas as dificultades de comunicación; pero poderían incentivarse outras alternativas como un servizo de coidados compartidos ou, de ser o caso, individuais. Pode ser que a unha persoa que ten que coidar ao seu pai ou a súa nai non lle importe compatibilizalo co coidado a outras persoas. Por outra parte, desde os servizos sociais poderíase facer un seguimento dos contratos que as persoas dependentes decidan facer coas coidadoras de forma privada, regulando así a posibilidade de que haxa familias ou persoas que decidan coidar a cambio da herdanza. A miúdo os maiores deixan de establecer os devanditos contratos por sentirse inseguros ao non haber unha regulamentación que os ampare. Dita regulación podería ir encamiñada da posta en marcha dun control e seguimento por parte dos servizos sociais, de forma que as condicións establecidas no contrato sexan de obrigado cumprimento por ambas partes.

- As medidas actuais de acollemento familiar necesitarían dunha forte intensificación en zonas do interior e zonas rurais en xeral para compensar a carencia doutros recursos, polo que sería necesario apoiar tanto economicamente como na loxística propostas que xurdan da comunidade.
- Toda esta diversificación pasaría por considerar a dimensión social e colectiva dos coidados, partindo de creación unhas condicións lexislativas acordadas coa prestación de servizos sociais que teñan en consideración a disposición do parque de vivenda. Deben ser as persoas as que decidan como queren ser coidadas, e para isto é necesario o debate social que promova propostas e proxectos. Existen ademais recursos que poderían servir ás comunidades para planificar servizos de coidado, como poden ser os montes en man común existentes en grande número na provincia de Lugo e sobre todo nas comarcas do interior. A Consellería do Medio Rural<sup>11</sup>, explica que “A cuarta parte do territorio galego, máis de 700.000 hectáreas, corresponde a monte veciñal en man común, xestionado por 2800 comunidades de montes. Isto vén demostrar que esta figura non só ten importancia como un sinal de identidade e da cultura do noso País, senón tamén como un claro indicador económico e produtivo”. A forma xurídica de explotación do monte non só atende á explotación do mesmo, senón tamén ao benestar das persoas. Deste xeito, os beneficios derivados do monte de man común poderían empregarse para proporcionar á comunidade servizos colectivos de atención ás persoas maiores e á dependencia. Ademais destes recursos, cómpre considerar outros. Non hai que esquecer que en Dinamarca a maior parte das vivendas de maiores son construídas por asociación sen ánimo de lucro en

<sup>11</sup> [https://ovmediorural.xunta.gal/es/consultas-publicas/montes-vecinales-en-man-comun?field\\_provincia\\_value\\_selective=lugo&field\\_concello\\_value\\_selective=All&field\\_parroquia\\_value](https://ovmediorural.xunta.gal/es/consultas-publicas/montes-vecinales-en-man-comun?field_provincia_value_selective=lugo&field_concello_value_selective=All&field_parroquia_value)

que Galicia a día de hoxe temos un bo marco xa na gran cantidade de entidades sociais que a día de hoxe están prestando servizos.

- As persoas maiores deberían terse en conta de forma transversal e gozar da máxima protección nos tratados, programas, desenvolvementos legislativos e tamén na toma de decisións no ámbito do urbanismo e de xestión do territorio. O maior exemplo constitúeo o urbanismo e a arquitectura en xeral, que tradicionalmente ignoraron o campo dos coidados, quizais por ser durante moitos anos esferas masculinizadas nas que os coidados non formaban parte de ningunha das súas axendas. É moi necesario ter en conta eses espazos de socialización, esas beirarrúas ás que Janes Jacob facía referencia no seu libro *Muerte y vida de las grandes ciudades e Chamba “acera pública civilizada”*<sup>12</sup>. Morenos Ramos D e Corregidor Sanchez Al<sup>13</sup>, din que “La ciudad amable ha de brindar un espacio que contenga, comprenda y proteja a los mayores”. Escriben sobre o recoñecemento do entorno, das formas organizadas, dos espazos claramente identificados, dos tempos, do movemento, dos percorridos, dos chans antideslizantes, da eliminación de obstáculos e dun sen fin que habería que ter en conta tanto no deseño arquitectónico como no urbanismo.
- Outro aspecto no que por desgraza cómpre seguir traballando con intensidade é o da perspectiva de xénero. Seguimos perpetuando modelos de coidados totalmente feminizados e con salarios precarios. Non conseguimos incorporar aos homes aos coidados, o que socialmente deriva en desequilibrios sociais importantes, xa que dalgunha forma se están excluindo de participar nun aspecto esencial para a vida e a dignidade das persoas. Por outra banda é imprescindible, para restablecer unha orde social xusta, dotar á sociedade de suficientes servizos públicos para que as persoas poidan coidar sen sentirse afogadas polo feito de que toda a súa vida se vexa absorbida e reducida a iso. Non será un avance social significativo conseguir axudas á contratación de servizos se estes os prestan persoas con salarios precarios e ademais son, de modo xeral, mulleres. En certo xeito, a incorporación da muller á vida laboral xerou a impresión de que abandonaba os coidados. Mais son outras mulleres, xeralmente vidas de áreas máis pobres, as que nos están relevando, pero dunha forma máis triste se cabe, pois cobran baixos salarios e a miúdo teñen detrás situacións dramáticas tras deixar atrás outra vida, vencellos familiares e careceren de vida propia fóra dos coidados nos casos das internas. Danse por tanto situacións de verdadeiro desarraigo social cando estas mulleres incorporan fillos xa adultos que non coñecen o país nin ás súas propias nais, das que a

<sup>12</sup> *Jacob Jane (1961) Pag 108 “Muerte y vida de las grandes ciudades”.*

<sup>13</sup> *D Morenos Ramos e Al Corregidor Sanchez. Paf 248. Urbanismo, espacio públío y personas mayores: Hacia la amabilidad en el espacio.*

miúdo se separaron nunha idade temperá. É este un problema social que teremos que afrontar con programas de inserción, mais non cabe dúbida ningunha que estes programas terán un mero carácter paliativo, se non se ten en conta que a verdadeira prevención ten que pasar por mellorar a calidade de vida e laboral destas persoas que se incorporan á vida social do noso contexto.

- A posta en marcha de servizos e centros destinados ao coidado de persoas maiores non pode depender da iniciativa e deriva de calquera persoa que sen ningún coñecemento ou especialización sobre o tema decida pór en marcha un servizo con intención de rendibilidade económica. A normativa debería ser moi coidadosa en non permitir que os coidados de maiores dependan de plans de investimento privados nos que o obxectivo é o beneficio económico. Para iniciar unha actividade deste tipo debería existir unha formación e uns avais que garantan a competencia e a boa prestación de servizos. Non cabe ningunha dúbida de que ademais da implantación doutras normas e marcos legislativos, unha forma de disuadir aos fondos de inversión sería que os servizos de coidado que non pertencen á administración pública fosen ofertados por asociacións ou entidades sociais da mesma localidade. Agora mesmo calquera persoa podería dicir que isto non é posible nin aceptable porque contravén a normativa e vai contra os tratados internacionais. Pero a este respecto cómpre dicir que o mesmo esforzo que se fixo para facer tratados e desenvolver unha lexislación que ás veces resulta ben complicada de entender se pode facer no sentido contrario, para legislar e outorgar garantías e dereitos ás persoas maiores.
- Debe considerarse a vivenda como un recurso social con potencial para crear servizos alternativos de coidados. Para isto sería necesario:
  - A implantación de políticas que mobilicen o parque de vivenda baleira, dende o estudo real da situación a medidas que realmente sexan eficaces a este fin.
  - Un forte investimento nas políticas encamiñadas á eliminación das barreiras arquitectónicas das vivendas habitadas por persoas maiores, así como a posibilidade de ofertar o cambio de vivenda, cando isto fose preciso.
  - A cesión de cha e/ou vivenda pública a unha comunidade de persoas que, baixo a figura de cooperativa ou sociedade, xestione a súa utilización para os coidados colectivos durante a vellez. Para isto a propia administración podería adquirir vivendas baleiras que moitas veces están próximas e tamén edificios grandes sen uso, tanto públicos como privados.

- A xestión pública directa dos coidados en vivendas/barrios ou mesmo xestión indirecta mediante cooperativas e asociacións sen ánimo de lucro da mesma localidade.
- A xestión pública compartida de vivendas e/ou centros de día destinadas aos maiores, con entidades de poboación tales como asociacións de veciños, montes veciñais, ou entidades sociais que teñan como finalidade os coidados compartidos e a vida comunitaria dentro da lóxica da xestión pública. É necesario facer fincapé na importancia deste punto, xa que por unha banda estimularíase a participación no deseño e xestión, e doutra gañaríase en humanidade e eficacia ao implicar a persoas que se coñecen e comparten territorio e que polo tanto non son alleas ás problemáticas da zona.

En suma, como se dicía na primeira comisión sobre persoas maiores en Dinamarca, Ældrekommissi, a palabra clave na planificación dos servizos sociais é flexibilidade, tanto na vivenda como nos coidados. Isto significa que as institucións deben ser substituídas por vivendas apropiadas para os maiores, por fogares. Atendidas mediante servizos externos e flexibles que se axusten ás necesidades dos usuarios e que teñan no centro a atención à persoa coa súa experiencia de vida. Mais este modelo non será posible se non se potencian e se reforzan os servizos sociais comunitarios concedéndolles toda a importancia que teñen na creación de redes e desenvolvemento comunitario, pois hai que lembrar agora máis que nunca, que non só están para axudar na consecución de dereitos, senón tamén para construír vínculos, un dos recursos que máis axuda e protección brinda ás persoas.

## 7. BIBLIOGRFÍA

- Bauman, Zygmunt (2000). *Modernidad líquida*. Argentina: Fondo de Cultura Económica, 2004.
- Del Olmo, Carolina (2013). *¿Dónde está mi tribu? Maternidad y crianza en una sociedad individualista*. Madrid: Ed. Clave Intelectual.
- Flaquer, Lluís (2013). “*Los trabajos de cuidado: de una obligación tradicional a un derecho social*”,
- García Lantarón, Aitor (2015). *Vivenda para un envejecimiento activo*. El paradigma danés. [https://oa.upm.es/40528/1/HEITOR\\_GARCIA\\_LANTARON.pdf](https://oa.upm.es/40528/1/HEITOR_GARCIA_LANTARON.pdf)
- Gilligan, Carol (2013). *La ética del cuidado*. Barcelona: Fundació Victor Grifols i Lucas.



- Gilligan, Carol (1982). *In a Different Voice: Psychological Theory and Women's Development*. Cambridge, MA: Harvard University Press.
- Lebrusan Murillo, Irene (2019). *La vivienda en la vejez: problemas y estrategias para envejecer en sociedad*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- Iglesias de Ussel, Julio (2001). *La soledad en las personas mayores: Influencias personales, familiares y sociales*. Análisis cualitativo. Madrid: Imserso.
- Madoz, Vicente (1996). *10 palabras clave sobre los miedos del hombre moderno*. Navarra: Verbo Divino, Estrella. 1998. pp. 283-4.